



ACTA DA MESA DE CONTRATACION PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI (PECHA).

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, na Sala de Concelleiros, e ás 12,10 horas do dia 27 de xaneiro de 2011, reúñese a correspondente **MESA DE CONTRATACION**, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, por delegación do alcalde-presidente., actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello Dª Irene Suárez López, D. Alberto Castrillo Escobar, Xefe de Servizo de Urbanismo de Pontevedra, en representación da Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestructura; o concelleiro de AT, D. Miguel Capón Rey, o concelleiro do PSdG-PSOE, D. Manuel Freiría Pérez.e o concelleiro do grupo municipal TUI D. Juan Miguel Diz Guedes. Non asiste o concelleiro do BNG D. Laureano Alonso Alvarez.

Asiste como secretaria da Mesa a funcionaria Dª María Jesús Blanco Martínez.

Por parte da Secretaria da Mesa dase conta do informe elaborado polo Arquitecto municipal de 24 de xaneiro de 2011, en relación ós criterios recollidos no apartado 2.A da cláusula novena dos pregos de contratación, sobre a planificación, metodoloxía e contido do traballo a realizar a petición da mesa de contratación.

A continuación o Presidente da Mesa somete a votación a toma en consideración do informe en relación ós criterios relativos á planificación, metodoloxía e contido do traballo a realizar; sometido o asunto a votación por cinco votos a favor e dous votos en contra dos vogais D. Miguel Capón Rey e D. Manuel Freiría Pérez adoptase o seguinte acordo:

Tomar en consideración, con respecto ós criterios relativos a planificación, metodoloxía e contido do traballo a realizar o informe do arquitecto municipal emitido con data 24 de xaneiro de 2011, e que na parte que interesa dispón textualmente o seguinte:

"En atención ó requerimento formulado pola Mesa, e segundo os criterios base para a adxudicación establecidos nas bases do concurso convocado ós efectos, redacta o presente

INFORME - PROPOSTA:

1.- Cláusula Novena.

A Cláusula Novena “Criterios de Adxudicación”, apartado 2 “Criterios cuxa ponderación dependa de un xuízo de valor”, do documento “Prego de Cláusulas administrativas que rexerán a contratación do servizo de redacción do Plan Especial do Conxunto Histórico de Tui (PECHA)” establece dous apartados. “A.- Planificación, metodoloxía e contido do traballo a realizar. Ata un máximo de 20 puntos” e “B.- Composición do equipo redactor. Ata un máximo de 20 puntos”.

2.- Apartado A:” Planificación, metodoloxía e contido do traballo a realizar”.

2.1. Xustificación dos criterios de reparto da puntuación.

Segundo o tenor establecido no apartado de referencia deberán valorarse os seguintes aspectos:

- Metodoloxía, como aspecto de especial importancia segundo as bases, polo que parece razonable outorgarlle maior puntuación que a outros aspectos estimando que o 60% da puntuación deste apartado debe ser para este aspecto e o 40% para os aspectos restantes: polo que se lle asigna unha puntuación de 12 puntos sobre o máximo de 20.
- Conxunto de traballos, incluíndo aqueles que superen os mínimos: polo anterior se lle asigna un total de 8 puntos sobre o máximo de 20. Dos aspectos a ter en conta neste apartado resulta de maior importancia a valoración do conxunto de traballos, incluíndo

aqueles que superen os mínimos, así como dispoñer dunha cartografía actualizada, polo que se lle outorgan a este apartado 4 puntos. Consecuentemente a puntuación resulta como segue:

- Superación dos mínimos e cartografía dixitalizada actualizada: 4 puntos.
- A calidade da presentación da documentación: 2 puntos.
- A proposta metodolóxica respecto á información ó público: 2 puntos.

2.2. Documentación analizada.

Os documentos ó dispor do técnico que subscribe para a redacción do presente informe-proposta que inclúen os criterios cuxa ponderación dependa dun xuizo de valor son os seguintes:

DENOMINACIÓN EMPRESA	DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA
ARQUITECTURA Y GESTION AdC ARQUITECTOS S.L.P.	“Documentación técnica. Metodología y propuesta. Descripción del personal y profesionales. Experiencia profesional. Medios técnicos.”
OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO, PLANIFICACIÓN S.L.P.	“Documentación ponderable a través de xuízos de valor para a contratación do servizo para a redacción do Plan Especial do Conxunto Histórico de Tui (PECHA)”
HABITAT 6 S.L.P.	“Documentación cuxa ponderación depende de un xuizo de valor”
IDOM	“Sobre C: Propuesta técnica”
UTE PROYESTEGAL – DVEGA ARQUITECTURA	“Documentos ponderables a través de xuízos de valor”
PROES	“Documentación cuya ponderación depende de un juicio de valor”
TAULA	“Criterios cuya ponderación depende de un juicio de valor”
OTEA PLANES Y PROYECTOS	“Documentación cuxa ponderación depende de un xuizo de valor”

2.3. Puntuación das propostas.

valoración acadada por cada empresa concursante respecto do apartado A resúmese no seguinte cadro:

DENOMINACIÓN EMPRESA	METODOLOGÍA (12/20) puntos	CARTOGRAFÍA DIXITALIZADA (4/20) puntos	PRESENTACION (2/20) puntos	INFORMACIÓN O PÚBLICO (2/20) puntos	TOTAL Máx. 20 ptos.
OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACIÓN S.L.P.	12 ptos	4 ptos	2 ptos	2 ptos	20 ptos
U.T.E. PROYESTEGAL S.L. – DVEGA ARQUITECTURA, TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE S.L.	10 ptos	4 ptos	2 ptos	2 ptos	18 ptos
“IDOM”	12 ptos	4 ptos	2 ptos	0 ptos	18 ptos
OTEA PLANES Y PROYECTOS S.L.P.	8 ptos	4 ptos	2 ptos	2 ptos	16 ptos
PROES CONSULTORES S.A.	8 ptos	2 ptos	1 ptos	2 ptos	13 ptos
“TAULA”	10 ptos	0 ptos	2ptos	0 ptos	12 ptos
ARQUITECTURA Y GESTION AdC ARQUITECTOS S.L.P.	10 ptos	0 ptos	2 ptos	0 ptos	12 ptos
HABITAT 6 S.L.	6 Ptos.	1 ptos	2 ptos	2 ptos	11 ptos



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

2.4. Xustificación da puntuación asignada.

Respecto da metodoloxía:

- Valórase especialmente a concreción dos traballos a abordar así como a cronoloxía e organización dos mesmos. Valorase coa máxima puntuación á mellor proposta asignando unha puntuación ás demais por comparación.

Respecto da superación dos mínimos e da cartografía:

- Valorase a realización dunha nova cartografía dixitalizada así como a proposta de facilitar un sistema de información xeográfica. Valóranse coa máxima puntuación as mellores propostas, asignando unha puntuación ás demais por comparación.

Respecto da presentación:

- Valorase a concreción da proposta así como os medios empregados, dándoselle a maior puntuación á mellor das propostas, sendo as demais puntuadas por comparación.

Respecto da Información o público:

- Valorase a concreción da proposta, a disponibilidade do equipo redactor, así como os medios humanos e materiais empregados, dándoselle a maior puntuación á mellor das propostas, sendo as demais puntuadas por comparación.”

De seguido, procédese pola Mesa de Contratación á valoración da composición do equipo redactor, de conformidade co indicado no prego de condiciones administrativas, cunha puntuación máxima de 20 puntos.

Debatido o asunta a Mesa, por unanimidade dos asistentes decide establecer os seguintes criterios para evaluar a composición do equipo redactor:

1.- Establecer un equipo mínimo que deberá estar formado por:

- 1 arquitecto (a maiores do establecido como mínimo no prego)
- 1 licenciado en derecho.
- 1 arqueólogo.
- 1 economista ou licenciado en cc. empresariais.
- 1 enxeñeiro de camiños.

Outorgándose 15 puntos ós licitadores que contan con este equipo mínimo, calculándose de xeito proporcional as restantes puntuacións.

2.- Puntuar proporcionalmente e, ata un máximo de 5 puntos, ó persoal a maiores que se ofreza polas empresas do xa establecido anteriormente, obtendo a máxima puntuación a empresa que conte con maior número de profesionais no seu equipo e calculándose proporcionalmente para o resto.

Así o apartado relativo

DENOMINACIÓN EMPRESA	COMPOSICIÓN DO EQUIPO REDACTOR SEGUNDO A DOCUMENTACIÓN ANALIZADA	PUNTUACIÓN EQUIPO (15 PUNTOS)	EQUIPO A MAIORES (5 PTOS)	TOTAL
OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACIÓN S.L.P.	2 arquitectos directores 3 arquitectos 1 xeógrafo 2 biólogos “equipo de exequieros” “equipo de arqueólogos” 1 lic. en derecho	12 PUNTOS.	1,72 (EQUIPO FORMADO POR 10 PROFESIONAIS)	13,72 PUNTOS
U.T.E. PROYESTEGAL S.L. – DVEGA ARQUITECTURA,	2 arquitectos 1 topógrafo 1 enxeñeiro de minas 1 lic en derecho	12 PUNTOS	2,41 (EQUIPO FORMADO POR 14 PROFESIONAIS)	14,41 PUNTOS

TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE S.L.	1 economista 1 enxeñeiro agrónomo 2 arqueólogos 2 delineantes 1 informático 1 enxeñeiro técnico 1 administrativo			
"IDOM"	4 arquitecto directores 4 arquitectos 1 enxeñeiro agrónomo 3 enxeñeiros de camiños 1 enxeñeiro industrial 2 economista 1 xeógrafo 1 arqueólogo 1 Dr. en derecho 1 empresa cartografía 1 biólogo 1 arquitecto técnico 2 licenciadas en xeografía	15 PUNTOS.	3,9 (EQUIPO FORMADO POR 23 PROFESIONAIS).	18,9 PUNTOS
OTEA PLANES Y PROYECTOS S.L.P.	1 arquitecto director 2 arquitectos 1 asesor xurídico 1 arqueólogo 1 lic en historia 1 arquitecto técnico 1 enxeñeiro de camiños 1 enxeñeira de montes 1 enxeñeiro técnico topógrafo	12 PUNTOS	1,72 (EQUIPO FORMADO POR 10 PROFESIONAIS)	13,72 PUNTOS
PROES CONSULTORES S.A.	1 arquitecto director 2 arquitectos 1 lic. en derecho 2 lic en historia-arqueólogo 2 arqtos. Técnicos 1 enxeñeiro de camiños 1 enxeñeiro agrónomo 1 enxeñeiro técnico de obras públicas 1 enxeñeiro industrial 1 lic. empresariales	15 PUNTOS	2,24(EQUIPO FORMADO POR 13 PROFESIONAIS)	17,24 PUNTOS
"TAULA"	1 arquitecto director 1 arquitecto 1 arqueólogo 1 economista 1 sociólogo 1 enxeñeiro de camiños 1 lic en derecho 1 enxeñeiro agrónomo 1 enxeñeiro tco. explotacións agropecuarias 1 administrativo	15 PUNTOS	1,72 (EQUIPO FORMADO POR 10 PROFESIONAIS)	16,72 PUNTOS
ARQUITECTURA Y GESTION AdC ARQUITECTOS S.L.P.	1 arquitecto director 3 arquitectos. 1 biólogo 1 lic en derecho 1 Dra en historia	6 PUNTOS	1,20 (EQUIPO FORMADO POR 7 PROFESIONAIS)	7,20 PUNTOS
HABITAT 6 S.L.	4 arquitectos directores 2 arquitectos 1 lic en derecho 1 arqueólogo 1 arqueólogo e historiador 1 economista 3 arqto. Técnicos 4 delineantes esp. Urbanismo 5 delineantes esp. Edificación 5 administrativos 1 empresa topografía 1 empresa infografía	12 PUNTOS	5 (EQUIPO FORMADO POR 29 PROFESIONAIS)	17 PUNTOS

A puntuación total acadada por cada un dos aspirantes e a seguinte:

**EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

DENOMINACIÓN EMPRESA	A. PLANIFICACIÓN, METODOLOGÍA E CONTIDO DO TRABAHO A REALIZAR	B. COMPOSICIÓN DO EQUIPO REDACTOR	TOTAL
OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACIÓN S.L.P.	20 PUNTOS	13,72 PUNTOS	33,72 PUNTOS
U.T.E. PROYESTEGAL S.L. – DVEGA ARQUITECTURA, TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE S.L.	18 PUNTOS	14,41 PUNTOS	32,41 PUNTOS
“IDOM”	18 PUNTOS.	18,9 PUNTOS	36,90 PUNTOS
OTEA PLANES Y PROYECTOS S.L.P.	16 PUNTOS	13,72 PUNTOS	29,72 PUNTOS
PROES CONSULTORES S.A.	13 PUNTOS	17,24 PUNTOS	30,24 PUNTOS
“TAULA”	12 PUNTOS	16,72 PUNTOS	28,72 PUNTOS
ARQUITECTURA Y GESTION AdC ARQUITECTOS S.L.P.	12 PUNTOS	7,20 PUNTOS	19,20 PUNTOS
HABITAT 6 S.L.	11 PUNTOS	17 PUNTOS	28,00 PUNTOS

A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda convocar a apertura do sobre B "Proposición Económica" para o vindeiro xoves, día 3 de febreiro ás 9,00 horas, en acto público, no Salón de Plenos do Concello, dándose traslado ás empresas.

De seguido se extende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR DO CONCELLO

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

XEFE DO SERVIZO DE URBANISMO
DE PONTEVEDRA.

Asdo: Alberto Castrillo Escobar

O CONCELLEIRO DO PSdG-PSOE

Asdo: Manuel Freiría Pérez

A SECRETARIA DO CONCELLO

Asdo: Irene Suárez López.

O CONCELLEIRO DE A.T.

Asdo: Miguel A. Capón Rey

O CONCELLEIRO DE TUI

Asdo: Juan Miguel Diz Guedes